

2026-2027

CALENDARIO COMPETENCIAL

Educación secundaria

Deputación Pontevedra



O río Lérez fronte á cidade de Pontevedra. Concello de Pontevedra

Setembro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Enola Holmes 3

PROPOSTAS DE LITERATURA

Konrad ou o neno que saíu dun bote de conserva, Christine Nöstlinger

O enigma de Santiago, Xosé A. Neira Cruz

OBRAS MESTRAS DO CINE

El espíritu de la colmena (Erice, 1973)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

O lapis do carpinteiro, Manuel Rivas

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1 Describir o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en electricidade nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta	2 Realizar un vídeo con alimentos da zona, tanto da terra coma dos bosques, ríos e mares	3 Deseñar unha cuña publicitaria con estratexias para promover a saúde	4 Realizar un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou da busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas	5 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**6** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
7 Deseñar un texto enumerativo coas condicións dun planeta para que poida albergar vida	8 Realizar unha lista de malas prácticas no teu fogar sobre alimentación, reciclaxe e consumo irresponsable de luz e auga	9 Indagar sobre o mal uso dos espazos de lecer e crear unha cuña publicitaria que poña en valor o coidado dos espazos comunitarios	10 Gravar un vídeo ou crear un póster sobre a necesidade de traballo decente, inclusivo, sostible, igualitario e digno	11 Relacionar países e continentes con diferentes ecosistemas	12 Publicitar propostas de literatura, cine e música	**13** Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
14 Relacionar países e continentes con diferentes ecosistemas e formas de vida e valorar as diferenzas coa nosa contorna	15 Elaborar un cartel con accións para consumir a auga de forma responsable	16 Realizar un cálculo para resolver problemas empregando o concepto de velocidade media ou velocidade e espazo	17 Crear un texto argumentativo ou expositivo no que se establezan as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables coma non renovables	18 Rexistrar usos axeitados e desaxeitados da auga e da luz no fogar	19 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**20** Fotografar o patrimonio arquitectónico e crear un informe
21 Explicar a corrente eléctrica e a súa importancia na vida cotiá dos seres humanos	22 Realizar un debate familiar sobre a importancia das tecnoloxías da información e da comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento	23 Analizar e crear un texto expositivo ou argumentativo sobre o significado da romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos	24 Revisar aparellos electrónicos en desuso e reciclalos	25 Divulgar un informe sobre o uso responsable de luz e auga a través das redes sociais, medios de comunicación e web do centro e crear un *podcast* sobre o consumo responsable de auga, luz e papel en tres linguas	26 Crear unha infografía ou cartel con alimentos de consumo diario moderados ou puntuais Realizar unha liga de xogos de mesa: Uno, Dos	**27** Crear *podcasts* ou cuñas para divulgar o patrimonio inmaterial...
28 Entrevistar responsables das compañías eléctricas sobre medidas para reducir o consumo	29 Calcular o aforro no fogar empregando lámpadas led	30 Reflexionar sobre os pros e contras do estado de benestar e debater en inglés/galego				



Ponte colgante de Calvelo. Concello de Cerdedo Cotobade

Outubro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Project Hail Mary

PROPOSTAS DE LITERATURA

Homero, Ilíada, Alessandro Baricco; *Poder non é querer*, Noela Rivas Cantelar

OBRAS MESTRAS DO CINE

Una mujer bajo la influencia (Cassavetes, 1974)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

A muller de mentira (Premio García Barros, 2026), Iria Collazo López

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1 Indagar sobre o funcionamento de diferentes aparellos, obxectos ou máquinas que se empreguen no fogar e as precaucións que hai que tomar para usalos	2 Investigar sobre a industria téxtil ou alimentaria sostible	3 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**4** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
5 Calcular o gasto enerxético que supón ir no coche ao colexio	6 Crear un caderno con imaxes de palabras fermosas para amigas, amigos, familiares...	7 Indagar sobre a recollida selectiva do lixo e crear un póster-mapa cognitivo no que se explique como se realiza e as cores empregadas nos recipientes	8 Investigar sobre o percorrido das prendas de téxtiles desde a súa orixe ata que chegan ás mans das e dos consumidores	9 Realizar conversas telefónicas en inglés con familiares e amizades	10 Publicitar propostas de literatura, cine e música	**11** Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
12 Analizar o número de libros escritos por mulleres e homes nos últimos tres meses e realizar un debate	13 Indagar e deseñar un informe sobre as persoas galardoadas nos Premios Princesa de Asturias desta edición	14 Reflexionar, argumentar e crear un informe sobre os beneficios do bo clima familiar e das boas relacións	15 Indagar e rexistrar información sobre persoas do eido da literatura galardoadas nos Premios Princesa de Asturias	16 Pescudar sobre a pobreza do mundo creando un *dossier*	17 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**18** Fotografar lavadoiros da contorna e deseñar un informe
19 Realizar un maratón de cálculo mental en familia	20 Crear un álbum de fotos de familiares, compañeiras, compañeiros, profesorado...	21 Buscar personaxes infantís femininos en libros identificando o seu rol na historia e crear un proxecto audiovisual	22 Crear un decálogo de consumo sostible e entrevistar responsables de empresas e persoas que teñan no seu fogar paneis solares e publicitar a entrevista nas redes sociais	23 Conversar sobre conflitos entre os membros da familia e como se puideron solucionar de forma positiva	24 Realizar unha liga de xogos de mesa: Cubirds, Cortex	**25** Crear *podcasts*/cuñas para divulgar o patrimonio natural, cultural, inmaterial...
26 Escoller dous anuncios de televisión e comentar a súa utilidade	27 Deseñar un cartel para publicitar o magosto	28 Crear unha cuña publicitaria expositiva para convidar a cidadanía a unha festa de Samaín ou a un magosto familiar e destacar a importancia da festa nun informe oral, gráfico ou escrito	29 Apagar os electrodomésticos e aparellos que estean en modo espera e facer unha estimación do aforro	30 Divulgar un informe sobre sostibilidade a través de medios de comunicación e da web do centro	31 Realizar unha exposición sobre hábitos de vida saudable relacionados coa hixiene e coa alimentación	



Vila da Guarda. Concello da Guarda

Novembro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Spider-Man: Brand New Day

PROPOSTAS DE LITERATURA

Contos ás cinco, Enid Blyton

Identidade. A normalidade do non-común, Nee Barros Fernández

OBRAS MESTRAS DO CINE

Al final de la escapada (Godard, 1960)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Maus, Art Spiegelman

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
2 Realizar un mapa conceptual cos principais vestixios arqueolóxicos de Galicia	3 Formular estratexias de sostibilidade na contorna escolar e social e presentarllas á persoa responsable de medio ambiente do teu concello	4 Entrevistar técnicas e técnicos e autoridades medioambientais e crear un *podcast* sobre os recursos naturais da zona	5 Recompilar e analizar datos obtidos a través de ferramentas dixitais sobre os ecosistemas da zona e divulgar mediante diferentes medios	6 Crear un *podcast* sobre ecosistemas sostibles	7 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**8** Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
9 Realizar un informe para promover o turismo sostible	10 Localizar disolucións na vida cotiá e realizar algunha rexistrándoa a través de gravacións ou fotografías	11 Relacionar os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo e realizar un informe	12 Investigar sobre a pegada hídrica da produción téxtil e crear un texto expositivo coa información	13 Buscar o emprego de conectores e formas verbais en diferentes textos	14 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**15** Fotografar parques naturais da zona e crear un informe
16 Buscar un texto poético en inglés e resumir a súa temática	17 Explicar nun texto expositivo os tipos de contaminación da atmosfera, a súa orixe e os seus efectos	18 Localizar un libro na biblioteca municipal ou no centro e lelo durante o mes facendo publicidade del	19 Describir técnicas, determinar o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfección e publicitalas	20 Comparar o crac do 29 coa crise do 2008 a partir de estatísticas	21 Publicitar propostas de literatura, cine e música Realizar unha liga de xogos de mesa: xadrez, damas	**22** Crear *podcasts* ou cuñas para divulgar o patrimonio natural, cultural, inmaterial...
23 Explicar a través dun *podcast* o concepto de contaminación aplicado a casos concretos	24 Identificar e analizar elementos de comunicación audiovisual	25 Buscar ecosistemas diferentes en continentes ou países e analizar similitudes e diferenzas	26 Crear un decálogo que recolla aspectos para a vida equilibrada dun ecosistema	27 Reflexionar sobre os alimentos lendo etiquetas, anotando ingredientes e debatendo sobre eles	28 Acceder á web dunha organización ecoloxista e informarse sobre algunha das súas campañas ambientais	29 Analizar e reflexionar sobre diferentes carteis publicitarios e/ou publicidade nos xornais e comentalos en familia
30 Crear unha campaña para a liberación de libros						



Paseo fluvial do río Pontiñas. Concello de Lalín

Decembro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Heartstopper Forever

PROPOSTAS DE LITERATURA

A miña familia e outros animais, Gerald Durrell; *Dipnoi*, María Canosa

OBRAS MESTRAS DO CINE

El sur (Erice, 1983)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

A culpa, María Solar

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1 Localizar un libro na biblioteca municipal ou no centro e facer unha sesión de libro-foro	2 Conversar sobre as causas do éxodo rural ou da emigración e crear un *podcast* ou texto escrito	3 Indagar sobre a influencia do clima na vida das persoas	4 Deseñar e crear un póster (dixital ou non) sobre a visión da familia acerca dos dereitos humanos	5 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**6** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
7 Deseñar cuñas ou *podcasts* para concienciar a cidadanía sobre o consumo responsable e sostible de alimentos	**8** Deseñar unha historia con imaxes, debuxos ou ilustracións	9 Deseñar e elaborar un cartel (dixital ou non) co decálogo de dereitos e deberes para imprimilo e pegar por diferentes lugares do concello no Día Universal da Infancia	10 Situar nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial e comprobar como inflúen no clima	11 Reflexionar sobre os alimentos que estean no frigorífico, ler as súas etiquetas e debater sobre eles	12 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**13** Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar no Nadal
14 Crear descricións sobre os membros da familia	15 Elaborar un informe oral ou gráfico con accións que promovan a saúde	16 Planificar en familia a cea de fin de ano e o xantar de Aninovo e realizar unha invitación a través dun audio ou vídeo	17 Analizar desvíos nos gastos e buscar as fórmulas para melloralos	18 Felicitarlles as festas do Nadal ás amizades a través do correo postal, do correo electrónico ou do WhatsApp	19 Realizar unha liga de xogos: sudokus, crucigramas	**20** Fotografar árbores senlleiras e crear un informe
21 Investigar sobre as metas mundiais ata o 2030 relacionadas coa auga e crear un *dossier*, un documento ou un informe oral	22 Fotografar persoas expresando diferentes emocións e realizar unha colaxe	23 Investigar sobre produtos ecolóxicos e realizar unha lista de establecementos da zona que vendan produtos dese tipo	24 Colaborar na cea familiar e rexistrar o proceso de forma oral a través dun audio	**25** Escribir e enviarlles mensaxes fermosas a familiares e amizades e/ou colocalas a carón dos vasos ou copas da mesa para o xantar	26 Analizar a carteleira de cine e realizar unha valoración para animar o público a ver unha película	**27** Ver fotos da familia para identificar os seus membros e parentesco e realizar unha árbore xenealóxica con fotos e descricións con QR
28 Crear un cadro con materiais de refugallo (teas, papeis, cartóns...)	29 Crear un decálogo sobre a conservación dos ríos, praias, regatos e encoros da zona	30 Seleccionar unha banda sonora con letra en inglés ou galego para usar como música de ambiente durante a cea ou xornada	31 Colaborar na organización da festa familiar e na elaboración do menú			



Mariscadoras na torre de San Sadurniño. Concello de Cambados

Xaneiro 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Cómo entrenar a tu dragón (live action)

PROPOSTAS DE LITERATURA

Nano, Concha Blanco; *A tribo do mar*, Lois Pérez

OBRAS MESTRAS DO CINE

La chica de la fábrica de cerillas (Kaurismäki, 1990)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Pel de cordeiro, Ledicia Costas

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1 Deseñar unha cuña publicitaria sobre a importancia de ter unha familia	2 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**3** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
4 Deseñar un concurso de ideas para mellorar as infraestruturas da túa zona (zonas verdes, parques e xardíns)	5 Indagar sobre produtos de primeira necesidade en Europa no momento actual e escoller cinco elementos de consumo propios e reflexionar sobre a trazabilidade da súa orixe	**6** Argumentar sobre o uso de robots intelixentes escribindo tres razóns a favor e en contra	7 Redactar un manifesto ou un decálogo para erradicar a falta de alimentos en determinadas zonas do planeta	8 Realizar unha lista de malas prácticas no teu fogar e no teu centro sobre alimentación, reciclaxe e consumo de luz e auga	9 Publicitar propostas de literatura, música e cine a unha canle de YouTube, blog ou web do centro	**10** Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar realizado nos Reis
11 Redactar un manifesto ou decálogo para erradicar a pobreza Reflexionar e crear un informe sobre as mulleres políticas de Europa	12 Localizar e fotografar na túa contorna os escudos que atopes	13 Identificar se as enerxías que se consomen na túa casa proveñen de fontes renovables	14 Investigar sobre o uso das redes sociais e as súas problemáticas	15 Crear unha infografía ou cartel con alimentos de consumo diario moderado ou puntual	16 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**17** Fotografar palcos ou edificacións civís e senlleiras e crear un informe
18 Indagar a través de entrevistas sobre a importancia de cidades e vilas hostís e crear unha infografía	19 Elaborar discusións argumentativas no centro educativo e na contorna familiar sobre eurocentrismo e globalización explicando os pros e contras para a humanidade	20 Elixir unha zona deteriorada da túa contorna e propoñer ideas para mellorala	21 Indagar sobre distintos museos da túa contorna e facer visitas virtuais	22 Argumentar nun texto os pros e contras da recollida, reciclaxe e reutilización de residuos	23 Realizar unha liga de xogos de mesa: Railroad, Dobble	**24** Crear *podcasts* ou cuñas para divulgar o patrimonio natural, cultural, inmaterial...
25 Crear un texto argumentativo para comunicar a existencia de buratos negros	26 Indagar sobre novos materiais, tecnoloxías etc. que xorden para responder a novas necesidades da sociedade	27 Analizar e valorar as facturas de teléfono, luz e gas e buscar estratexias para reducir o seu consumo	28 Pescudar sobre os seres vivos da zona: animais, fungos e plantas; realizar un titorial, póster ou mapa mental e rematar coa creación dun texto expositivo sobre esa temática	29 Cear coa televisión apagada e conversar coa familia sobre as novas que vos sorprendesen durante o mes ou sobre os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde	30 Colaborar cunha campaña solidaria para recadar fondos ou alimentos	**31** Crear un *podcast* sobre a promoción da vida saudable



Pasos de Lourido. Concello de Covelo

Febreiro 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

La odisea

PROPOSTAS DE LITERATURA

A avoa gánster, David Walliams; *A lebre mecánica*, Ledicia Costas

OBRAS MESTRAS DO CINE

Terciopelo azul (Lynch, 1986)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Só os mortos saben a verdade, Óscar M. Guzmán

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1 Analizar/reflexionar sobre a produción e o consumo responsable e sostible	2 Localizar estereotipos de xénero en cancións ou folletos publicitarios	3 Buscar unha ONG para colaborar e argumentar a decisión	4 Gravar un vídeo ou crear un póster sobre a necesidade de traballo decente, inclusivo, sostible, igualitario e digno	5 Colaborar con algunha ONG e deseñar accións a través dun informe Colaborar na elaboración de pratos de comida saudables no fogar e rexistrar o proceso	6 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**7** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
8 Indagar sobre o Entroido en Galicia, España ou Europa e crear unha cuña publicitaria ou un informe oral ou escrito	9 Analizar menús en locais de hostalería da túa zona e elaborar e publicitar receitas saudables con peixe	10 Realizar un rexistro de almorzos saudables dos membros da comunidade educativa e divulgar o informe final	11 Identificar as necesidades de cada ecosistema e crear un *podcast*	12 Deseñar e crear un *podcast* para traballar a igualdade	13 Publicitar propostas de literatura, música e cine nunha canle de YouTube, blog ou web do centro	**14** Fotografar patrimonio escultórico e crear un informe
15 Buscar medidas para reducir o CO_2 no transporte escolar e indagar sobre tendas que vendan produtos con residuos cero	16 Calcular e analizar o uso de carburante de toda a clase para ir ao colexio e extraer as consecuencias deste	17 Escoller unha ou un personaxe histórico do contexto da Guerra Fría e elaborar o seu perfil de Instagram con información de fontes diversas analizando os datos obtidos a través de ferramentas dixitais	18 Recompilar poesías e cancións que falen da auga e realizar unha publicación	19 Crear un lema ou unha cuña para reducir o consumo de enerxía	20 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**21** Crear *podcasts* ou cuñas para divulgar diferentes animais do patrimonio natural
22 Investigar sobre o golpe de Estado do 23F e sintetizar nun texto a información atopada	23 Enviarlle sementes a unha ONG que traballe con países ou colectivos desfavorecidos	24 Crear unha campaña para promover a doazón de alimentos e/ou prendas de vestir en desuso para colectivos desfavorecidos	25 Investigar as achegas de Rosalía de Castro ao mundo da muller a través dos seus poemas Facer unha lista de profesións e indagar sobre os estudos necesarios	26 Elaborar un mural ou cuña publicitaria sobre o quecemento global	27 Realizar unha liga de xogos de mesa: Trio, Hitster	**28** Conversar, analizar e reflexionar en familia sobre as novas do telexornal



Núcleo urbano. Concello do Rosal

Marzo 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Stranger Things. Tales from '85

PROPOSTAS DE LITERATURA

Heartstopper 6, Alice Oseman; *21 días de Arnela*, Adelaida Vidal Vizcaya

OBRAS MESTRAS DO CINE

La tentación vive arriba (Wilder, 1955)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Persépole, Marjane Satrapi

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1 Buscar países con crises alimentarias e localizar alimentos que non existan alí	2 Realizar unha lista de produtos de primeira necesidade e reflexionar nun informe	3 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**4** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
5 Indagar e divulgar sobre a vida da muller en épocas pasadas e realizar unha comparación coa actual	6 Entrevistar autoridades locais, municipais ou autonómicas sobre o papel da muller na sociedade actual	7 Deseñar un libro dixital ou en papel sobre biografías das mulleres premios nobel de medicina	8 Realizar un mural ou unha infografía sobre tipos de enerxías e combustibles e destacar os máis contaminantes	9 Expoñer as características dos microorganismos causantes das doenzas infectocontaxiosas	10 Realizar unha andaina coa familia e recoller residuos contaminantes	**11** Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
12 Realizar un informe sobre os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado	13 Investigar de onde vén a froita que comemos e analizar a contaminación xerada para transportala e chegar aos puntos de venda	14 Investigar sobre os estereotipos de xénero e micromachismos na literatura, na publicidade e na vida cotiá	15 Indagar sobre o traballo produtivo e o pleno emprego das mulleres na túa contorna recompilando datos a través de ferramentas dixitais e crear unha cuña publicitaria sobre o papel da muller na vida actual	16 Divulgar o informe final sobre o papel da muller na sociedade actual a través das redes sociais, de medios de comunicación e da web do centro	17 Localizar, ler e publicitar poemas escritos por mulleres identificando a súa temática	**18** Fotografar patrimonio pictórico e crear un informe
19 Visitar un bosque da zona e identificar o que está contribuíndo á súa destrución	20 Conversar coas túas avoas e avós sobre as infraestruturas actuais e as de antes	21 Revisar os xogos e xoguetes ou prendas de vestir e seleccionar os que non empregues para doarllos a unha ONG se están en bo estado	22 Investigar de onde vén a carne que comemos e analizar a contaminación xerada para transportala e chegar aos puntos de venda e buscar medidas para reducir o CO_2 dos medios de transporte	23 Indagar en series de televisión ou películas diferentes épocas ou momentos históricos	24 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**25** Crear un decálogo para un consumo responsable da auga e/ou enerxía
26 Indagar e localizar textos teatrais en galego e facer unha cuña publicitaria	27 Realizar un vídeo, cartel ou infografía sobre pratos típicos doutros países e argumentar a importancia das profesións da gandería e da agricultura	28 Buscar algún monumento do patrimonio histórico da túa cidade e elaborar unha crítica (favorable ou desfavorable) sobre o seu estado actual de conservación e fotografalo (foto voz)	29 Indagar sobre as diferentes culturas que hai no teu centro ou concello (costumes, alimentación, danzas, música, lingua etc.) e crear un vídeo, infografía, cartel...	30 Entrevistar responsables das infraestruturas do teu concello, localidade, barrio... para visibilizar as necesidades	31 Realizar unha liga de xogos de mesa: Quick Stop, Toma 6	



Illas Cíes. Concello de Vigo

Abril 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE
Ted Lasso (serie)

PROPOSTAS DE LITERATURA
Invisible, Eloy Moreno; *Furia*, María Reimóndez

OBRAS MESTRAS DO CINE
La venganza de una mujer (Azevedo, 2012)
Los 400 golpes (Truffaut, 1959)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES
O país invisible, Arturo Lezcano González

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1 Analizar e reflexionar sobre fotografías de antes e de agora da túa localidade e valorar a sostibilidade	2 Buscar e entrevistar responsables de empresas de paneis solares	3 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**4** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
5 Organizar diferentes colectores para a recollida selectiva de lixo	6 Reflexionar criticamente sobre unha obra de cine analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe	7 Deseñar e publicitar un proxecto para utilizar terras sen cultivar na túa comarca	8 Analizar conflitos entre os pobos e realizar un informe	9 Indagar sobre as condicións de traballo doutras persoas	10 Publicitar propostas de literatura, cine e música Ver a película *Forrest Gump*, sobre a guerra de Vietnam, e gravar un audio coa túa valoración para as amizades, a familia e o profesorado	**11** Analizar e reflexionar sobre a pegada hídrica na utilización da IA
12 Deseñar unha mensaxe publicitaria empregando recursos visuais	13 Colaborar cunha ONG para apoderar mulleres en situación de desemprego	14 Crear un *podcast* ou cuña publicitaria argumentativa sobre alimentación	15 Investigar e deseñar un informe sobre o patrimonio inmaterial e cultural da zona	16 Crear unha pequena redacción sobre un descubrimento científico do século XVIII	17 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**18** Fotografar pontes e fontes da contorna e crear un informe
19 Crear un mapa da zona con recursos naturais, culturais e sociais e deseñar unha busca do tesouro e/ou un rastrexo con mapa ou compás	20 Calcular e analizar o uso de carburantes de toda a clase para ir ao colexio e extraer as súas consecuencias	21 Realizar un informe oral en tres linguas sobre o beneficio do uso da enerxía solar	22 Deseñar un informe sobre a necesidade de reducir o consumo das prendas de vestir	23 Deseñar argumentos proactivos para transformar prendas de vestir e darlles unha nova vida	24 Realizar unha liga de xogos de mesa: Alakazum!, Marramiau	**25** Crear *podcasts* ou cuñas para divulgar o patrimonio natural, cultural, inmaterial...
26 Realizar fotografías con diferentes encadramentos e puntos de vista para transmitir mensaxes	27 Crear un informe metereolóxico do que vai de mes	28 Buscar campañas solidarias que se realizan no teu concello e contribuír con propostas	29 Buscar información sobre o que é unha horta solar e localizar algunha pola zona	30 Investigar sobre diferentes maneiras de reducir residuos		



Capela da Lanzada. Concello de Sanxenxo

Maio 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Intercambiados (Netflix), *Toy Story 1*

PROPOSTAS DE LITERATURA

Irracionais, An Alfaya; *Memoria do silencio*, Eva Mejuto

OBRAS MESTRAS DO CINE

El apartamento (Wilder, 1960)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

A cámara das marabillas, María Oruña

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**2** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
3 Debater coa familia sobre os dereitos e os soldos das e dos traballadores	4 Deseñar un *podcast*, infografía ou manifiesto sobre a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas	5 Expresar con precisión e coherencia as conclusións da túa visión sobre o Día das Letras Galegas, tanto verbalmente coma por escrito, a través de ferramentas dixitais	6 Divulgar un informe final sobre o uso do galego escrito e oral a través dos medios de comunicación e da web do centro	7 Indagar sobre a importancia das vacinas para a humanidade	8 Publicitar propostas de literatura, música e cine nunha canle de YouTube, blog ou web do centro	**9** Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
10 Analizar as infraestruturas da túa zona ou país e realizar un informe	11 Localizar nun xornal de prensa escrita ou dixital unha noticia relacionada co Parlamento español ou co galego	12 Deseñar un concurso de inventos para a sostibilidade	13 Recompilar información sobre inventos empregando ferramentas dixitais en tres linguas	14 Indagar e recoller nun informe oral ou escrito a importancia dos obxectivos de desenvolvemento sostible para a vida das persoas	15 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**16** Fotografar relevos da contorna e/ou regatos, localizar insectos, reptís, paxaros etc. e crear un informe
17 Realizar un debate familiar sobre o papel da educación na vida dos seres humanos	18 Doarlle a unha ONG alimentos polo valor do aforrado na non adquisición de bolsas de plástico	19 Entrevistar autoridades municipais, provinciais ou autonómicas sobre necesidades de infraestruturas da contorna e publicitalas nos medios de comunicación e na web do centro	20 Realizar unha lista de lugares da zona que vendan produtos ecolóxicos	21 Debater sobre posibles solucións para o fin da pobreza	22 Realizar unha liga de xogos de mesa: Lucky Numbers, Sagrada	**23** Crear *podcasts* ou cuñas para divulgar o patrimonio natural, cultural, inmaterial...
24 Realizar unha ecoauditoría do uso responsable da auga no teu concello	25 Indagar e reflexionar sobre os valores democráticos e a vida das persoas	26 Investigar sobre produtos de limpeza biodegradables e crear un texto expositivo oral ou escrito cunha lista de produtos contaminantes	27 Indagar sobre as infraestruturas doutras zonas ou países	28 Observar o cadro de Picasso *O Guernica* e cambiarlle o título segundo o que che suxiran as e os personaxes do lenzo	29 Reflexionar sobre accións para garantir a paz que deberían promover os gobernos	**30** Crear un vídeo ou unha infografía sobre o uso responsable de aparellos no fogar
31 Investigar sobre o traballo decente e o crecemento económico e achegar solucións						



Vistas desde o miradoiro Faro das Lúas. Concello de Vilanova de Arousa

Xuño 2027

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Off Campus (serie)

PROPOSTAS DE LITERATURA

En terra allea, Pepe Carballude; *Bullying*, Álex Alonso

OBRAS MESTRAS DO CINE

Hojas de otoño (Kaurismäki, 2002)

Cinema Paradiso (Tornatore, 1988)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

As malas ideas, María Solar

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1 Crear un *podcast* sobre o control do tempo de ducha e incorporar solucións para reducir o tempo ou o gasto de auga	2 Realizar un vídeo con alimentos da zona, tanto da terra coma dos bosques, ríos e mares	3 Organizar unha carreira solidaria coa doazón de alimentos non perecedoiros e deseñar a cartelería e as cuñas publicitarias	4 Crear un decálogo para erradicar a fame	6 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	**6** Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes, localizala no mapa da provincia e rexistrar a información de forma oral ou escrita
7 Crear un decálogo de consumo responsable de medicamentos e antibióticos e revisar os medicamentos que hai na casa e a súa utilidade	8 Localizar información e comparar movementos artísticos europeos	9 Deseñar un documento con imaxes para visibilizar a fame no planeta e promover accións para a súa erradicación Indagar se na túa familia se viviron situacións de fame ou escaseza de alimentos	10 Buscar accións para crear comunidades sostibles	11 Analizar o uso de papel, cartón e plástico no teu fogar e no colexio e realizar propostas para reducir o seu consumo nun cartel, vídeo ou infografía	12 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicitación da receita	**13** Fotografar prazas da contorna e crear un informe sobre a súa funcionalidade
14 Investigar e analizar a presenza da violencia contra a muller en distintos contextos e elaborar unha carta ou *podcast* con propostas para erradicar a violencia de xénero dirixidos a representantes municipais	15 Comparar a situación da muller nos séculos XX e XXI	16 Analizar nunha mesa de persoas expertas, con autoridades e especialistas, comportamentos machistas ou estereotipos de xénero no cine, nas cancións, na literatura e na vida cotiá	17 Recompilar e analizar os datos obtidos a través de ferramentas dixitais	18 Divulgar o informe final sobre sostibilidade a través de medios de comunicación e da web do centro	19 Realizar unha liga de xogos de mesa: Pelusas Revolution, ¡Aventureros al Tren!	**20** Crear e realizar unha ruta por contornas naturais da zona e publicitala nos medios de comunicación
21 Fotografar as caras dos membros da familia expresando medo, alegría, susto, enfado… e crear un álbum mediante as TIC	22 Indagar sobre a numeración que aparece na etiquetaxe dos ovos (0, 1, 2, 3) e preparar un debate sobre o tema	23 Realizar unha gráfica da actividade física que fan os membros da familia ou amizades e argumentar os beneficios do deporte para a saúde	24 Comentar analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XX na túa zona	25 Explicar nun texto expositivo a intervención humana nos procesos da erosión, sedimentación ou meteorización	26 Buscar estratexias para contribuír á conservación de animais en perigo de extinción e crear un texto expositivo	**27** Analizar o relevo da zona e crear un documento con imaxes
28 Conversar e reflexionar sobre a temática LGTBIQ+ e crear unha cuña publicitaria	29 Entrevistar unha ou un poeta, indagar sobre o proceso creativo e rexistralo nun texto	30 Entrevistar médicas e médicos para coñecer ámbitos da saúde e rexistrar a entrevista coas informacións máis relevantes				

PROPOSTAS PARA O VERÁN

Comunicar

Xogar

Interpretar

Interesarse por...

Crear

Descubrir

Participar

Promover a saúde

Pintar

Limpar

Reducir desigualdades

Apreciar

Indagar

Ordenar

Planificar

Querer

Conversar

Escoitar

Observar

Consumir responsablemente

Rir

Soñar

Comprender

Falar

Ler

Respectar

Cociñar

Fotografar

Expresar

Ser sostibles

Cantar

Pasear

Gozar

...

Xullo 2027

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Agosto 2027

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					



Este calendario competencial do curso 2026-2027 pretende dinamizar aprendizaxes que se realizan na familia, nos centros educativos e, por suposto, na contorna social, cultural e natural, xa que estas son moito máis significativas e duradeiras.

Este calendario ten a finalidade de facer posible que a educación sexa unha tarefa compartida e comprometida entre as familias e o profesorado como piares fundamentais xunto coa sociedade.

Coas transformacións sociais e educativas actuais urxe dotar as familias e o profesorado de estratexias para desenvolver competencias no ámbito social, cultural e familiar.

Deste xeito, todas e todos serán copartícipes activos do proceso educativo.

Por outra parte, o medio social, natural e cultural é o mellor recurso curricular para aprender, para pensar, para pescudar, para cuestionarse…

As competencias promoverán, a través das situacións de aprendizaxe, o paradigma educativo de aprender a aprender e de aprender facendo.

No calendario aparecen propostas de situacións de aprendizaxe para educación secundaria, sobre educación ambiental e reciclaxe, sobre o consumo responsable de luz e auga, coa creación de cuñas ou *podcasts*, con actividades colaborativas corresponsables, saudables, solidarias, ecosociais e sostibles.

O noso desexo é que este calendario favoreza o desenvolvemento físico, afectivo, creativo, social e intelectual de fillas e fillos, alumnas e alumnos, de docentes e da familia dun xeito divertido e comprometido, xa que ofrece oportunidades para mellorar a linguaxe verbal oral e escrita, a comprensión e a comunicación, a atención, a memoria, a iniciativa, o emprendemento, a autonomía, a escoita activa, o pensamento reflexivo e deliberativo, a posibilidade de resolver situacións, de falar máis e mellor, de compartir etc., sen esquecernos da competencia en comunicación lingüística (CCL), da competencia plurilingüe (CP), da competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (CSTEM), da competencia dixital (CD), da competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), da competencia cidadá (CC), da competencia emprendedora (CE) ou da competencia en conciencia e expresión culturais (CEEC).

Todas e todos deben facilitar ferramentas, estratexias ou actuacións para poder implicarse e compartir esa educación.

Idea e deseño: T. Domínguez e B. Sousa
Deseño de actividades competenciais e situacións de aprendizaxe: T. Domínguez, M. Martín e B. Sousa
Propostas de literatura: Javier Oliveira, Espazo Lector Nobel de Tui

A PROVINCIA DO DEPORTE

Deputación Pontevedra



Tendemos pontes
www.depo.gal